



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

**ACTA NÚM. 12/2.015 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2.015**

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, na parroquia de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás oito horas e trinta minutos do día catorce de Decembro do ano dous mil quince, reúnen-se a Xunta Veciñal da devandita Entidade baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (PP), para celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

Asiste tamén a Interventora da Entidade D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Miguélez Casás.  
Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día circulada ó efecto.

**1º. APROBACIÓN ACTA Nº 11/2015 DE DATA 18-11-2015.**

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 11/2015 de data 18-11-2015, considéranse se considera aprobada votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

**2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXECICIO 2014.**

A presidencia explica que formada a Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio 2014, informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión de 5 de novembro de 2015, exposta ó público para que os interesados puidesen presentar as alegacións, reparos ou observacións que considerasen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e non habéndose presentado estas no prazo sinalado no mencionado artigo, procede que esta Xunta Veciñal aprobe a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2014.

A continuación se somete a votación ordinaria a aprobación da conta xeral do orzamento do exercicio 2014, quedando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as oito horas e trinta e cinco minutos do día ut supra. Dou fe.